

## **Teoría Económica Avanzada (5º Curso de Economía, Especialidade de Análise Económica)**

### ***1. Obxectivos da materia***

Esta materia ten como obxectivo fundamental afondar no tratamento de cuestións da Teoría Económica, isto é, de Microeconomía e Macroeconomía, que, pola súa importancia, merecen unha análise e un tratamento individualizados, ademais de supor unha continuación na formación dos estudantes de cara a completar a súa comprensión en cuestións que non foron tratadas ou que o foron con menor profundidade, en cursos anteriores de micro e macroeconomía.

Cando os alumnos cursan esta materia xa teñen cursados tres cursos de Microeconomía (un deles introdutorio, outro intermedio e outro de carácter avanzado) e outros tantos de Macroeconomía. Con estes presupostos de partida, a finalidade da materia Teoría Económica Avanzada é tripla. En primeiro lugar, conseguir que o alumno entenda, dende unha perspectiva rigorosa e formal, os mecanismos económicos subxacentes na asignación de recursos en condicións particulares. En segundo lugar, que o alumno comprenda as intuicións económicas que están detrás dos resultados obtidos nos diversos modelos propostos. En terceiro lugar, que o alumno chegue a poder modelar e resolver problemas sinxelos tanto de carácter micro como macroeconómico.

### ***2. Contidos***

1. Economía da información: preliminares
2. O problema da selección adversa
3. O problema do risco moral
5. Modelos de horizonte temporal infinito e de xeracións solapadas
6. Ciclos económicos
7. Política monetaria e fiscal
8. Desigualdade e macroeconomía

### ***3. Bibliografía básica e complementaria***

#### ***3.1. Referencias básicas***

Macho-Stadler, I. e D. Pérez-Castrillo (2005). *Introducción a la Economía de la Información* (2ª ed.), Ariel, Barcelona.

Salanié, B. (1997). *The Theory of Contracts: A primer*, MIT Press.

Romer, D. (2002), *Macroeconomía Avanzada*, McGraw-Hill (2º ed.).

#### ***3.2. Referencias complementarias***

Gibbons, R. (1992). *Un primer curso de teoría de juegos*, A. Bosch, Barcelona.

#### ***4. Competencias***

Requírese que o alumno teña coñecementos de matemáticas e estatística, así como coñecementos de teoría económica a nivel avanzado.

#### ***5. Metodoloxía da ensinanza***

O desenvolvemento da materia estará baseado fundamentalmente na exposición teórica que se fará ao longo das clases e no seguimento do traballo que os estudantes terán que realizar. A exposición do profesor terá como obxectivo sinalar o ritmo e o esquema do desenvolvemento do programa e subliñar aqueles aspectos de máis difícil comprensión. Xunto ao anterior, o material de prácticas –consistente na resolución de listas de exercicios e análise de datos empíricos das economías reais–, constitúe un apoio fundamental para acadar a comprensión fluída da materia, ao tempo que pode proporcionar resultados teóricos adicionais. En consecuencia, a súa realización forma parte ineludible do desenvolvemento do curso.

#### ***6. Sistema de avaliación da aprendizaxe***

A avaliación dos coñecementos do estudante baséase nos seguintes aspectos:

1. A asistencia participativa ás clases.
2. A resolución completa e comprensiva das cuestións e exercicios de carácter numérico que, ao longo do curso, van xurdindo de forma paralela ao desenvolvemento das explicacións na clase: algúns deles como mera aplicación práctica da teoría explicada nun determinado momento e outros como extensión de aspectos da teoría cuxa explicación exhaustiva se deixa como tarefa para o alumno.
3. A realización dun traballo escrito sobre un tema proposto polo profesor.
4. Un exame final na convocatoria ordinaria de xuño e outro na convocatoria extraordinaria de setembro.

En función do traballo realizado nos puntos 1-3, os estudantes poden quedar excluídos da obrigatoriedade de realizar o exame final.

#### ***7. Tempo de estudo e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala***

Para superar a materia, cremos que é necesaria unha dedicación por parte dos alumnos de 106 horas de traballo persoal e estudo comprensivo durante o curso. Este tempo supón unha adicación media de 3-4 horas á semana ao longo de todo o curso.

#### ***8. Recomendacións para o estudo da materia***

Para acadar un estudo comprensivo e frutífero da materia por parte do alumno, propoñemos que o estudo se faga –cando menos en forma dunha primeira aproximación– con antelación ás explicacións do profesor encargado da materia. Este “modus operandi” leva, sen dúbida, a que o aproveitamento das clases por parte dos alumnos sexa o máximo.

Se o anterior se tornase imposible, a preparación da materia de Teoría Económica Avanzada debe levarse a cabo, cando menos, de forma paralela ao desenvolvemento das clases, é dicir, a continuación das explicacións recibidas nas aulas, por ser entón o momento máis axeitado para identificar os aspectos de máis difícil comprensión.

O que non recomendamos baixo ningún concepto é o estudo da materia de modo intensivo e memorístico durante un determinado período de tempo previo á realización das probas de exame.